

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2020 / 28071 - Resolución de concesión definitiva do Programa FO200/2020

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO200: CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A FUNDACIÓNS E A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO DA PROVINCIA DA CORUÑA TITULARES DE MUSEOS, CENTROS DE INTERPRETACIÓN OU BIBLIOTECAS, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2020

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia 24904 do 24 de agosto de 2020, que foi publicada no BOP do 28 de agosto de 2020, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria **FO200: Convocatoria do programa de subvencións a fundacións e a entidades sen fins de lucro da provincia da Coruña titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2020**, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e vistas as solicitudes de reformulación, alegacións, emendas e desistencias que os interesados presentaron.

1. Inadmitir a reformulación solicitada pola ASOCIACIÓN PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO, xa que non se modifica o importe do orzamento inicial. A entidade modifica o persoal contratado e o tempo de contratación, pero non varía o gasto de persoal nin o orzamento total. De acordo co Artigo 14.1 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias: Despois de dez día hábiles, a persoa beneficiaria deberá reformular a súa solicitude únicamente no caso de que o orzamento definitivo da actividade ou que se vai realizar sexa inferior ao orzamento subvencionado que se debe xustificar, segundo estea fixado na resolución provisional do investimento.

2. Admitir a desistencia presentada pola entidade seguinte: FUNDACIÓN AMPARO VARELA RON, expediente 2020000010259.

3. Conceder as solicitudes que figuran no ANEXO 3 (concedidas provisionalmente condicionadas) da Resolución de presidencia número 2020/ 24904 pola que se aprobou a concesión provisional, por completar a documentación requirida, excepto a solicitude que non completou a documentación exixida en prazo, e que procede denegar:

FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL expediente 2020000011660.

4. Desestimar as alegacións presentadas pola seguinte entidade, polos motivos que se indican:

Entidade/expediente	Alegacións	Motivos desestimación
FUNDACIÓN NACIONAL FUNDASPE / 2020000011444	O día 14 de setembro, a entidade alega: Que ten unha matriz nacional, con sección en cada comunidade, e a imposibilidade de cumprir a base 5 da convocatoria, por ser imposible constituír outro CIF. Todas as actividades incluídas na solicitude de subvención se realizan íntegramente na provincia da Coruña.	A entidade presentou a alegación fóra do prazo establecido na resolución de concesión provisional. Non cumpre o requisito establecido na base 5-Solicitantes: Entidades privadas sen fins de lucro legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia da Coruña

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1º.- Aprobado a concesión das subvencións correspondentes ao Programa **FO200: Convocatoria do programa de subvencións a fundacións e a entidades sen fins de lucro da provincia da Coruña titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2020**, ás entidades sen ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: R1500020A Cod. Exp.:2020000011587 Obxecto: Proxecto de catalogación da colección do fondo antigo de impresos no AHDS. 3ª FASE S. XX	14.000,00€	0,8000	17.500,00€
Beneficiario: ASOCIACION PATRONATO MUSEO ETNOGRAFICO DA CAPELA NIF: G15788631 Cod. Exp.:2020000010448 Obxecto: "PROGRAMA FO200/NA PROCURA DOUTRO TEMPO 2020"	8.267,20€	0,7992	10.344,34€
Beneficiario: CENTRO ESTUDIOS MELIDENSES-MUSEO TERRA MELIDE NIF: G15229982 Cod. Exp.:2020000008335 Obxecto: Programa de actividades culturais para o ano 2020 do Museo da Terra de Melide	19.720,00€	0,8000	24.650,00€
Beneficiario: FUNDACION ACADEMIA GALEGA DA LINGUA PORTUGUESA NIF: G70278940 Cod. Exp.:2020000011238 Obxecto: Descrição arquivística e digitalização de Fondos da Doação José Luís Fontenla e Família 2020	10.200,00€	0,8000	12.750,00€
Beneficiario: FUNDACION ARAGUANEY PUENTE DE CULTURAS NIF: G15075229 Cod. Exp.:2020000009717 Obxecto: CICLO DE CINE "MULLERES NA HISTORIA"	2.550,00€	0,3061	8.330,61€
Beneficiario: FUNDACION BIBLIOTECA DE LA CASA CONSULADO NIF: G15028160 Cod. Exp.:2020000011468 Obxecto: CATALOGACIÓN/DIXITALIZACIÓN DE FONDOS, CICLOS DE CONFERENCIAS E EXPOSICIÓN DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	13.641,34€	0,8000	17.051,68€
Beneficiario: FUNDACION BRANDOMIL NIF: G70564265 Cod. Exp.:2020000010770 Obxecto: Elaborar biblioteca dixital de Brandomil, así como un documental do Camiño por Brandomil e unhas xornadas sobre o Brandomil Romano	11.073,40€	0,8000	13.841,75€
Beneficiario: FUNDACION CENTRO INTERNACIONAL DE LA ESTAMPA CONTEMPORANEA NIF: G15600976 Cod. Exp.:2020000011324 Obxecto: Formación e creación de obra gráfica feita en Galicia. Cursos Anuais	24.000,00€	0,8000	30.000,00€
Beneficiario: FUNDACION DARDO INSTITUTO DO DESEÑO E DAS ARTES CONTEMPORANEAS (DIDAC) NIF: G70514906 Cod. Exp.:2020000011387 Obxecto: PROGRAMACIÓN DA FUNDACIÓN DIDAC 2020 / PROXECTO ARTERIA GALICIA	28.000,00€	0,8000	35.000,00€
Beneficiario: FUNDACION EUGENIO GRANELL NIF: G15520422 Cod. Exp.:2020000011132 Obxecto: 25 aniversario da Fundación Eugenio Granell	26.000,00€	0,8000	32.500,00€
Beneficiario: FUNDACION GALIZA SEMPRE NIF: G15702913 Cod. Exp.:2020000011350 Obxecto: Actividade da Fundación Galiza Sempre para o 2020	13.112,26€	0,7900	16.597,80€
Beneficiario: FUNDACION GONZALO TORRENTE BALLESTER NIF: G15702939 Cod. Exp.:2020000011323 Obxecto: Actividades culturais da FGTB no 2020	10.500,00€	0,8000	13.125,00€
Beneficiario: FUNDACION LUIS SEOANE NIF: G15568199 Cod. Exp.:2020000010926 Obxecto: ACTIVIDADES A REALIZAR NA FUNDACIÓN LUIS SEOANE	26.000,00€	0,7735	33.613,45€
Beneficiario: FUNDACION LUIS TILVE NIF: G15169949 Cod. Exp.:2020000009367 Obxecto: Proxecto de recompilación, catalogación, conservación e difusión do Patrimonio Histórico Documental da Fundación Luís Tilve para o ano 2020	26.000,00€	0,8000	32.500,00€

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: FUNDACION MANUEL MARIA DE ESTUDOS GALEGOS NIF: G70109376 Cod. Exp.:2020000010979 Obxecto: ACTIVIDADE CULTURAL PARA A DIFUSIÓN DA OBRA E FIGURA DE MANUEL MARÍA	29.625,00€	0,7900	37.500,00€
Beneficiario: FUNDACION MUSEO ARTES GRABADO ESTAMPA DIGITAL NIF: G15798168 Cod. Exp.:2020000009528 Obxecto: Rexistro, inventario e catalogación de fondos - Obradoiros de gravado - Mantemento coleccións museográficas - Mellora accesibilidade - Publicidade e propaganda	16.473,85€	0,8000	20.592,31€
Beneficiario: FUNDACION PAIDEIA GALIZA NIF: G15798655 Cod. Exp.:2020000011277 Obxecto: CONCURSO DE BANDAS EMERXENTES	12.093,75€	0,7500	16.125,00€
Beneficiario: FUNDACION PARA O ESTUDIO E DIVULG.CUESTION SOC.E SIND.GALICIA NIF: G15938632 Cod. Exp.:2020000011094 Obxecto: A XERACIÓN NÓS E A GALIZA DO SEU TEMPO	16.000,00€	0,7624	20.986,36€
Beneficiario: FUNDACION RICARDO PEREZ Y VERDES NIF: G70382916 Cod. Exp.:2020000011615 Obxecto: ACTIVIDADES MELGA 2020	5.320,00€	0,8000	6.650,00€
Beneficiario: FUNDACION ROSALIA DE CASTRO NIF: G15040850 Cod. Exp.:2020000011171 Obxecto: DIFUSIÓN VIDA E OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO E MANUEL MURGUÍA	20.100,83€	0,8000	25.126,04€
Beneficiario: FUNDACION WENCESLAO FERNANDEZ FLOREZ NIF: G15670359 Cod. Exp.:2020000010788 Obxecto: Realización de actividades culturais (obradoiros, presentacións, conferencias) e publicacións	8.400,00€	0,8000	10.500,00€
Beneficiario: FUNDACION 10 DE MARZO NIF: G15338080 Cod. Exp.:2020000010944 Obxecto: Catalogación, arquivo e dixitalización do fondo documental da Fundación 10 de Marzo	7.227,23€	0,8000	9.034,04€
Beneficiario: MUSEO ETNOGRAFICO MONTE CAXADO NIF: G70453535 Cod. Exp.:2020000010161 Obxecto: ACTIVIDADES CULTURAI DO MUSEO ETNOGRÁFICO MONTE CAXADO PARA O ANO 2020	16.000,00€	0,8000	20.000,00€
Beneficiario: PATRONATO DE LA CASA DE TROYA NIF: G15215981 Cod. Exp.:2020000010827 Obxecto: Mantemento, funcionamento e promoción do Museo Casa de la Troya; e realización e divulgación de actividades culturais durante o ano 2020.	10.560,55€	0,8000	13.200,69€
Beneficiario: PATRONATO DO MUSEO DO POBO GALEGO NIF: G15037195 Cod. Exp.:2020000010769 Obxecto: PROGRAMA MÁIS PRÓXIMAS. AS COLECCIÓN DO MUSEO DO POBO GALEGO	26.000,00€	0,8000	32.500,00€
Beneficiario: REAL E INSIGNE COLEGIATA DE A CORUÑA NIF: R1500251B Cod. Exp.:2020000011071 Obxecto: Contratación dun guía para a realización de visitas guiadas á Colexiata de Santa María do Campo e a o seu Museo de Arta Sacra.	4.463,68€	0,8000	5.579,60€

Total concedido 405.329,09€

2º Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

3º.- Autorizar a todas as entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

4º.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3341/481, fase A, referencia nº 22020000587, operación nº 220200008679, importe: 405.329,09€

5º.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa **F0200:Convocatoria do programa de subvencións a fundacións e a entidades sen fins de lucro da provincia da Coruña titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2020**, ás entidades sen animo de lucro seguintes polos motivos que se indican:

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: FUNDACION AMPARO VARELA RON NIF: G70596408 Cod. Exp.:2020000010259 Obxecto: Realización de xornada sobre a situación actual do concello de TOQUES: Presente e futuro.-Estudio e proposta de posta en marcha de actuacións dinamizadoras do rural.	Por desistencia da entidade solicitante
Beneficiario: FUNDACION CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: G70178603 Cod. Exp.:2020000010558 Obxecto: O PANTEÓN REAL COMPOSTELÁN	Por desistencia da entidade solicitante
Beneficiario: FUNDACION EDUARDO PONDAL NIF: G70262951 Cod. Exp.:2020000011660 Obxecto: ENCRUCILLADAS 2020	Non acredita o esixido no ANEXO 3 (Concedidas provisionalmente condicionadas) da resolución pola que se aprobou a concesión provisional do Programa F0200/2020
Beneficiario: FUNDACION NACIONAL FUNDASPE NIF: G24299422 Cod. Exp.:2020000011444 Obxecto: Proxectos e accións encamiñadas a divulgación dos avances da doazón como elemento integrador e solidario e o seu achegamento ós mozos cara a construción dunha sociedade igualitaria ,inclusiva e respetuosa	Non cumpre o requisito establecido na base 5 das bases reguladoras.
Beneficiario: FUNDACION PAZOS CUCHILLO DE PAZOS NIF: G66891185 Cod. Exp.:2020000010670 Obxecto: Subvención de actividades culturais de la Fundación PazosCuchillo de Pazos	Non cumpre o requisito establecido na base 5 das bases reguladoras.

6º.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 21 de setembro de 2020

O PRESIDENTE

Valentín González Formoso

A SECRETARIA ACCTAL.

M.ª Amparo C. Taboada Gil

2020/6578